

AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

ORDE do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19, co levantamento dos prazos de suspensión do procedemento (código de procedemento ED601B). (DOGA 30/03/2020)

1. A que persoas vai dirixido?

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta a condición de gratuito e do que por renda familiar resulta pagador dun euro nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

E dicir, a familias que durante o curso escolar pagan 0 euros polo comedor, ou 1€ polo mesmo.

2. En que consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha *compensación do custo diario do menú por comensal*, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e *polos días de lectivos de suspensión da prestación do servizo* como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

E dicir, *axúdase economicamente a mantención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.*

3. Que axuda se vai a percibir?

- (2,50 €) no casos de alumnado gratuidade total.
- (1,50 €) para o alumnado que paga 1€.

4. Que días cubre esta axuda?

- **Marzo:** dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.
- **Abril:** dende o 1 ao 3 de abril: en total só 3 días.

- **Prórroga:** si se prolonga o estado de alarma, calcúlanse os 14 días lectivos ata o 1 de maio de 2020.

5. Como se vai pagar?

En dous pagamentos.

- 1 pagamento (1º e 2º prórroga de estado de alarma): polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril)
- 2 pagamento: se se prorroga unha terceira prorroga pola situación de alarma ata o 1 de maio.

6. Quen son os beneficiarios?

Familias que compren os requisitos económicos (punto 2) cun ou máis fillos escolarizados en centros educativos ao cargo da Consellería de Educación.

7. Como presentar a solicitude e que prazo hai?

- **Prazo:** dende o día 31 de marzo ao 6 de abril, ambos inclusive.
- **Presentación:** **Forma electrónica sempre,** de dúas formas:
 1. Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para iso é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.
 2. Dirección do centro: enviando un correo electrónico a ceip.nosasenora.dores@edu.xunta.gal cos seguintes datos:
 - Nome do alumno/a:
 - Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€.
 - Nome do pai/nai titular da conta bancaria:
 - DNI do pai ou nai titular da conta bancaria:
 - Número de conta bancaria (incluír código BIC/SWIFT):

8. Publicarase a resolución das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será exposto publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá se é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

9. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

10. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en abonar o pagamento?

5 días dende que se publique a resolución.

Atentamente a dirección do CEIP Nosa Señora das Dores

Asdo. José Antonio Vidueiros Sánchez

